



**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

**ACTA Nº 2019/13**  
**SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN**  
**- CASA DO CONCELLO, LUNS 16 DE DECEMBRO DE 2019 -**

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

**PRESIDE:**

SANTIAGO MANUEL TOBA CAMPAÑA

**ASISTEN:**

PSOE

MONICA VILELA VILELA

MANUEL CARAMES LOPEZ

OLALLA BENLLOCH LEMA

IRMA LUCIA GARCIA BARCIA

JAVIER ROMAR ALVARELLOS

BNG

CARLOS FERNANDEZ CONCHEIRO

PP

JAVIER LEMA SUAREZ

SANDRA VILELA RIVEIRO

SOFIA LOPEZ SIMON

**AUSENCIAS:**

PSOE

TANIA ROMERO GARCIA

**SECRETARIA: ROSA ANA GARCIA FERNANDEZ**

**INTERVENTORA: MONICA IGLESIAS PREGO**

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

**ORDE DO DÍA**

1. Aprobación actas anteriores.
2. . RECOÑECIMIENTO EXTRAORDINARIO DE CREDITO 1/2019
3. MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS FISCAIS.
4. DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE DE INMOBLES. BONIFICACIÓN IBI.
5. POS 2020
6. CONTA XERAL 2018

**1.-APROBACION ACTAS ANTERIORES.**

As actas celebradas o 27 de setembro e 16 de outubro de 2019, quedan aprobadas por unanimidade dos membros presentes.

**2.- RECOÑECIMIENTO EXTRAORDINARIO DE CREDITO 1/2019**



**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

A Secretaria explica a proposta de Alcaldía ao respecto, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Contas.

O Sr. Alcalde pregunta se algún concelleiro quere intervir, facéndoo a voceira do grupo municipal do PP Dna. Sandra Vilela: "Nós ímonos abster como sempre facemos cando hai reparo de Intervención."

Sometido o asunto a votación, por 7 votos a favor (6 do grupo municipal do PSOE e 1 do BNG), e a abstención dos 3 integrantes do grupo municipal do PP, o Pleno acorda:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Crédito nº 1/2019 dentro do Orzamento prorrogado da Corporación para o ano 2019 por importe de 1.106,64 euros e imputar as aplicacións orzamentaria do mesmo, co seguinte detalle:

Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Aplicación	Tercero	Nombre	Texto Explicativo
533	15/12/2018	357,60	334.22699	79,312,158 Q	Jorge Seoane Fernández	Subministro de castañas para Samaín
2/2018	14/08/2018	600,00	338.22699	G 70578786	Asociación Cultural Nin	Actuación realizada en Muxía os día 11 e 12 de Agosto de 2018 no XII Mercado das Rutas do Mar Muxía.
18-3034	15/12/2018	138,30	920.22199	A15037351	Sumnistros Lar, S..A.	Subministro de material e vestuario
694	31/12/2018	10,74	920.22300	7931990N	Montserrat García Castro	Servizo de envío urgente
<b>TOTAL</b>		<b>1.106,64</b>				

### 3.- MODIFICACIÓN DAS ORDENAZNAS FISCAIS.

A Secretaria explica o contido da proposta de Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión de Contas

Sen xerarse debate e por unanimidade, o Pleno dá a súa aprobación a dita proposta recollida a continuación:

**PRIMEIRO.-** Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por licenzas urbanísticas e actos comunicados (declaración responsable ou comunicación previa) urbanísticos, de forma que a Ordenanza quede redactada do seguinte xeito:

“ARTIGO 10, LIQUIDACIÓN E INGRESO.

1, As taxas reguladas na presente ordenanza se esixirán en réxime de autoliquidación. Non se iniciará a tramitación do expediente administrativo sen que se acredite previamente o pago da mesma. As autoliquidacións presentadas polo contribuínte, aos efectos desta Ordenanza, están sometidos a comprobación administrativa. Finalizada a actuación se procederá a xirar a liquidación definitiva polo servizos do concello,



**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

previa comprobación e investigación de elementos da obriga tributaria.”

**SEGUNDO.-** Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola expedición de documentos administrativos, de forma que a Ordenanza quede redactada do seguinte xeito:

“ Artigo 6 . TARIFA:

A tarifa desta taxa estrutúrase nos seguintes epígrafes:

- Informes ou certificados urbanísticos: 35 euros.
- Expedición licenza de taxi, traspaso de parada ou cambio de coche: 18 euros.
- Expedición autorización de segregación de terreos: 20 euros.
- Endoso de certificación: 12 euros.”

**TERCEIRO.** - Expoñer o expediente a información pública e audiencia aos interesados, previo anuncio no taboleiro de anuncios do Concello e no BOP, por un prazo de 30 días, como mínimo, para que poidan presentar as reclamacións e suxerencias que estimen oportunas, que de producirse deberán ser resoltas pola Corporación.

**CUARTO.-** No suposto de que non se presenten reclamacións contra ao mesmo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional, de conformidade co disposto no artigo 17.3 do TRLRFL.

**QUINTO.-** O acordo definitivo, ou o provisional elevado automaticamente a definitivo e o texto íntegro da ordenanza fiscal publicarase no Boletín Oficial da Provincia, non entrando en vigor en tanto non teña lugar dita publicación.

#### **4.-DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE DE INMOBLES. BONIFICACIÓN IBI.**

A Secretaria explica o contido da proposta ditaminada favorablemente pola Comisión de Contas.

Sen xerarse debate e por unanimidade o pleno acorda:

**Primeiro.-** Declarar de especial interese municipal as actividades desenvoltas nos inmobles que se relacionan e conceder a bonificación da porcentaxe da cota íntegra do imposto sobre bens inmobles que se relacionan:



**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXIA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

NOME	REF. CATASTRAL	PORCENTAXE BONIFICACION
ALLO GONZALEZ JOSE MANUEL	7603703 MH8770S 0001 XI	37,5
ALVARELLOS SAMBAD MARIA	0019003 00MH76D 0001 HK	37,5
BALIÑA MARTINEZ MARGARITA	0021010 00MH86F 0001 QJ	12,5
CANOSA PAZOS ELISEO	8356914 MH8685N 0001 UG	12,5
CASAI POSÉ JUAN MANUEL	15053A0 6200553 0000 RP	87,5
LOPEZ MARTINEZ FRANCISCO	15053A5 1200067 0001 RW	62,5
LOUZAN LEIRA MARIA ANTONIA	15053A5 0705018 0000 ES	87,5
PAZ TOBA JOSE RAMON	15053A0 6300101 0000 RZ	87,5
PUNTE SAMBAD SANTIAGO	15053A0 5700081 0000 RH	37,5
RODRIGUEZ FANDIÑO JOSE RAMON	0012003 00MH86F 0001 RJ	37,5
SANTAMARIA ALVARELLOS ELIAS EMILIANO	15053A0 5500244 0000 RX	87,5
SANTIAGO GARCIA GIL	15053A0 3700002 0000 RQ	87,5
SANTIAGO MOUZO MANUEL	0020010 00MH86G 0001 LE	37,5
SONEIRA LEMA FELISA	2446210 MH8624N 0001 YB	12,5

**Segundo.** Notificar o presente acordo os titulares dos inmobles que quedarán obrigados a comunicar ao concello calquera cambio nas condicións que serviron de base ao recoñecemento da bonificación, perdendo en caso contrario ao dereito dela.

**Terceiro.** Dar traslado deste acordo á Deputación Provincial.

### 5.-POS 2020

A petición da Alcaldía a Secretaria dá conta da proposta ao respecto ditaminada favorablemente pola Comisión de Contas.

Inicia o debate a voceira do grupo municipal do PP, Dna. Sandra Vilela:

"Votaremos a favor porque non pode ser doutra maneira, todas a inversións son positivas pero queremos puntualizar dúas cousas: O proxecto de Buiturón como o da Barca foron levados a pleno noutra ocasión pero por incumprir a regra de gasto non se puideron realizar . Estas obras xa terían que estar executadas.

O proxecto de Frixe creo que é moi limitado, os camiños interiores de Frixe están moi abandonados e leva moito tempo sen facerse nada alí. Non nos parece suficiente esa actuación.

En canto á Barca nós presentamos unha moción para pedir que se pedisen fondos para a súa realización por medio dunha liña de subvencións da Xunta, e con isto o diñeiro do POS destinado a esta inversión podía aplicarse a outro sitio.

Por último e respecto ao parque do Coído, parécenos moi ben a iniciativa e queremos lembrar que no seu día comprometeuse cos colexios instalarlles as pezas dese parque que estivesen en bo estado e esperamos que sexa así."



**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXIA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

A continuación intervén D. Carlos Fdez Concheiro: " Votarei a favor pero quero facer outras dúas puntualizacións: "Respecto as obras do parque son arredor de 40.000€ e deberíase de estudar se se vai usar pois o de Viseo ou o de Os Muíños non o están sendo."

Respecto ao Santuario da Barca xa o falamos e deberíase de substituír a iluminación que hai por outros focos que non supoñan contaminación lumínica. Todo o que se faga alí pídolle que se elabore un plan especial de protección para saber o que se pode facer e que se consensúe con todos os grupos para que non sexa un tema de debate político."

O Sr. Alcalde responde: "Sobre o que di o BNG existe un parque infantil que cremos que é moi completo e nun segundo momento se quere realizar este para a xente maior, existindo bastante demanda para elo. Se quere completar esta actuación con actividades deportivas nesas propias instalacións.

Respecto ao Santuario podemos falar e chegar a consenso cando queiran.

En canto á pregunta do PP sobre os equipos que se retiran do Coído , utilizaranse para os colexios que se poda, ben entendido que os parques dos colexios non son responsabilidade do Concello, non existen competencias que nos obriguen a colocalos pero queremos o mellor para os CEIP.

Respecto a Frixe, para levantar todo Frixe é preciso un proxecto máis completo e coa marxe que temos non se puido facer. Publicamente fago o recoñecemento de que Frixe necesita atención e fareino.

Respecto á Barca, e a súa moción, poño esta actuación no POS por seguridade. É un entorno que debe de protexerse e queremos asegurar a intervencións por medio do POS. Paralelamente imos presentalo nunha liña de subvención da Xunta que non supoñe unha aportación do 100%.

A pregunta de Dna. Sandra Vilela sobre a compatibilidade de ambas subvencións, o alcalde responde que foi consultado coa Deputación e é compatible co POS."

O Pleno, por unanimidade dos membros presentes acorda:

1.- "Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2020"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2020", "achega provincial 2019" e "préstamo provincial 2020":

**A) Financiamento do pago a provedores:**

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores	1095,90		1095,90



**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
<b>Subtotal pago a provedores</b>	1095,90		1095,90

**B ) Financiamento de gastos correntes:**

	Deputación
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de gastos correntes	14631,19
Achega provincial 2019 (Excepción da Base 2.2 final)	
<b>Subtotal gasto corrente</b>	14631,19

**C ) Financiamento de investimentos:**

ACHEGA PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
Acondicionamento cam int en Talón	82214,49		82214,49
Acondicionamento viais en Quintans	106597,44		106597,44
Rehabilitación parque con destino a zona biosaudable para maiores	43544,15		43544,15
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2020</b>	232356,08		232,356,08

ACHEGA PROVINCIAL 2019 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
Pavimentación cam interiores en Frixe e Bardullas	38677,27	4490,73	43168
Suministro de vehículo de Protección civil	20000	16 000	36000
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2019</b>	58677,27	20490,73	79168



**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
<b>Subtotal investimentos préstamo provincial 2020</b>	0	0	0

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2020 e que se relacionan nestas táboas.

**D) Redución de débeda con entidades financeiras:**

Entidade financeira	Número/código do préstamo	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020 aplicado á redución da débeda
<b>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</b>		<b>0</b>

**E) Resumo:**

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2019	1095,90		1095,90
	Achega 2020			
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2020	14631,19		14631,19
	Achega 2019 (Excep. Base 2.2)			



**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

<b>C- INVESTIMENTOS</b>	<b>Achega 2020</b>	232356,08		232356,08
	<b>Achega 2019</b>	<b>58677,27</b>	20490,73	79168
	<b>Préstamo 2020</b>			
<b>D- REDUCCIÓN DÉBEDA</b>	<b>Préstamo 2020</b>			
<b>TOTAL</b>	<b>Achega 2020</b>	246987,27		246987,27
	<b>Achega 2019</b>	<b>59773,17</b>	20490,73	80263,9
	<b>Préstamo 2020</b>			
	<b>TOTAL</b>	<b>306760,44</b>	20490,73	327251,17

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2020 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

<b>Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)</b>	<b>Orzamento</b>
Sinalización e mellora iluminación entorno Santuario N.S da Barca	160441,75
Acondicionamento camiños int Vilela de Morquintian	53717,33
Acondicionamento cam int en S Martiño	71522,31
Acondicionamento acceso Buiturón	92010,35





**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

<b>TOTAIS</b>	377691,74
---------------	-----------

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias, salvo para a obra de Sinalización e mellora iluminación entorno do Santuario da Barca (Están en trámite).

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

## 6.-CONTA XERAL 2018

A petición do Sr. Alcalde, a Secretaria explica que se somete a aprobación plenaria a Conta Xeral 2018 unha vez informada pola Comisión de Contas, e sometida a exposición pública durante o período regulamentario sen que se presentasen reclamacións ao respecto.

Sen xerarse debate e por unanimidade dos 10 concelleiros presentes, o pleno acorda aprobar a Conta Xeral 2018.

Ás 20:30 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

CONCELLO DE MUXÍA, xoves 19 de decembro de 2019

A secretaria, Rosa Ana García Fernández

O alcalde, Santiago Manuel Toba Campaña